



Europa NO
TEU
Concello



EUROPE DIRECT
A Coruña



Deputación
DA CORUÑA

#EUROPANOTEUCONCELLO

#NEWSLETTER

CONSULTA AS NOVIDADES!

19 de xaneiro 2023

-Prácticas no Servizo Europeo de Acción Exterior - varias datas

A rede de oficinas no exterior da UE ten postos de prácticas remuneradas en Emiratos Árabes Unidos, Malasia e Asia Central.

-Bolsas da Xunta para estancias de aprendizaxe de idiomas de alumnado universitario - ata o 15 de marzo

Bolsas da Xunta para realizar estancias no estranxeiro de aprendizaxe de idiomas durante o verán de 2024 dirixidas a alumnado das universidades galegas.

-Bolsas Rafael del Pino de ampliación de estudos - ata o 12 de febreiro

Esta fundación ofrece bolsas para a ampliación de estudos de máster ou doutoramento en universidades e centros de investigación no estranxeiro para os cursos 2024-2025 e 2025-2026.

-Premio Carlomagno para a xuventude do Parlamento Europeo - ata o 12 de febreiro

O Parlamento Europeo convoca un ano máis o premio Carlomagno que recoñece proxectos levados a cabo pola mocidade.

-Convocatoria para participar no evento Level UP! do European Youth Forum - sen data

O European Youth Forum organiza un evento en Bruxelas o 12 e 13 de abril con mocidade activista de toda Europa e cos gastos pagados.

Europe Direct A Coruña - europedirect@dacoruna.gal - www.dacoruna.gal/europedirect



Europe Direct A Coruña



@edcoruna



@europedirectcoruna



682677765

-Algunhas oportunidades do Corpo Europeo de Solidariedade - consúltaas todas aquí

-Voluntariado nos museos de insectos e bolboretas en Padova

Actividades de coidados dos animais, organización de eventos, visitas guiadas e comunicación durante un ano.

-Voluntariado na granxa Sunny Hill en Eslovenia

Labores de coidado da horta e dos animais nun espazo no que se organizan retiros e eventos.

E lembra!

-Prácticas Cicero no Comité Europeo de Rexións- ata o 3 de abril

Formación remunerada de cinco meses, de setembro a febreiro, para mozos graduados en diferentes departamentos do Comité europeo.

-Prácticas na Empresa Común para unha Aviación Limpa - ata o 31 de xaneiro

Prazo aberto para persoas tituladas que queiran solicitar formación remunerada de seis meses na unidade de xestión de proxectos.

-Formación na Axencia Europea para a cooperación dos Reguladores Enerxéticos - sen prazo

A axencia, con sede en Eslovenia busca persoas para realizar prácticas no período de marzo a setembro en diferentes departamentos.

-Bolsas complementarias da Xunta para universitarios que realicen un Erasmus Plus - ata o 2 de febreiro

Axudas de mobilidade da Xunta complementarias ás da Unión Europea para alumnado que as universidades públicas galegas que participe nunha estancia Erasmus Plus no curso actual.





Coñeces o noso ClubUE?

Se tes entre 18 a 30 anos e queres COÑECER, APRENDER e PARTICIPAR das oportunidades que ofrece a Unión Europea. Únete!

Podes acceder aos enlaces dende a páxina:

<https://bit.ly/EuropaNoTeuConcello> ou escaneando o código QR

